

CONCURSO FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA

- 1. QUEN PODE PARTICIPAR?** Poderá participar toda a comunidade educativa do IES Rosais 2.
- 2. TEMA:** O tema das fotografías ten que estar relacionado co mundo das matemáticas, nas súas múltiples manifestacións (figuras xeométricas, mosaicos, simetrías, fractais, gráficas e funcións, cálculo numérico, fraccións, sucesións, estatística, azar,...)

3. OBXECTIVOS:

Obxectivo principal: Resaltar a presenza constante ao noso arredor de elementos matemáticos.

- Pór de manifesto a súa utilidade na vida cotiá.
 - Traballar as matemáticas como unha ferramenta útil para interpretar a vida real.
 - Que o alumnado, e en xeral a comunidade educativa do centro, recoñezan os conceptos matemáticos do seu entorno máis inmediato.
 - Mellorar a autoestima do alumnado.
 - Que o alumnado poida valorar a beleza das matemáticas e mellorar así a súa valoración, tanto persoal como social.
 - Fomentar o espírito crítico do alumnado.
 - Desenvolver a competencia artística e creativa do alumnado.
 - Desenvolver o uso das novas tecnoloxías.
- 4. PRESENTACIÓN:** Pódense entregar ata un máximo de 2 fotografías, en formato JPG, ao correo electrónico mate.rosais2@gmail.com. As fotografías deberán ser orixinais e inéditas e non premiadas en ningún outro concurso .

Ademais da foto, deberase entregar un arquivo de texto con:

- a) **Título** da fotografía.
- b) **Breve explicación** na que se aclarará o concepto matemático ao que fai referencia a imaxe e **lugar** onde foi tomada a fotografía.
- c) Datos identificativos do autor ou autora:

Nome completo, curso e grupo no caso de alumnado ou

Nome completo e vinculación co centro noutro caso (conserxe, administrativo, persoal de limpeza, cafetería, ANPA, profesorado...).

Na parte superior do arquivo irá o título, despois a imaxe da foto, indicando o lugar concreto onde foi sacada. Por último irá o nome completo do concursante así como o curso e grupo no que está.

- 5. PRAZO:** O prazo de presentación remata o 24 de abril de 2022.

6. XURADO: Toda a comunidade educativa. Valorarase a orixinalidade e idoneidade do título, o seu contido matemático así como a calidade da imaxe coa relación matemática. O departamento de Matemáticas intervirá se identifica algún comportamento fraudulento nas votacións.

7. PREMIOS:

Para o alumnado establécense tres premios:

O primeiro e segundo premio serán de índole matemática.

O terceiro premio será un vale para a cafetería do centro.

NOTA: Un mesmo alumno/a non poderá acumular máis dun premio.

Para o resto dos membros da comunidade educativa establécese un único premio consistente nun obxecto matemático.

8. USO DAS IMAXES: O departamento resérvase o dereito a utilizar as fotografías presentadas para usos didácticos.

9. AUTORÍA DAS IMAXES: As fotografías deben ser orixinais e en ningún caso se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escanadas de ningún tipo de medio gráfico. O departamento de Matemáticas comprobará minuciosamente a autoría de todas as fotos premiadas esixindo ao concursante que demostre a autoría das mesmas. Non se acepta tampouco, ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido da mesma.

